



RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fan públicas as listas provisionais de persoal admitido e excluído dos procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación, ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 24 de febreiro de 2020 (Diario Oficial de Galicia do 13 de marzo), modificada pola Orde do 15 de xaneiro de 2021 (Diario Oficial de Galicia do 25 de xaneiro).

Para darlle cumprimento ao disposto na base sexta da Orde do 24 de febreiro de 2020 pola que se fan públicas as listas provisionais de persoal admitido e excluído dos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de educación, ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e o procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro. Facer pública no anexo I a relación de persoas aspirantes admitidas que solicitaron tomar parte no mencionado procedemento selectivo.

Segundo. Declarar excluídas, polas causas que se especifican, as persoas aspirantes que figuran no anexo II.

Terceiro. Contra a lista provisoria o persoal interesado poderán formular por medios electrónicos e dirixido á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional as reclamacións que coide oportunas, no prazo máximo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación na páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no enderezo electrónico www.edu.xunta.gal.

Cuarto. O feito de figurar na relación de solicitantes non prexulga que se dean por válidas as condicións persoais da persoa interesada que a lexitimen para participar no procedemento selectivo, cando da documentación que no seu momento teña que achegar non se deduza de maneira inequívoca o seu dereito a participar nel, conforme as exixencias da convocatoria.

Quinto. No caso dos mestres, o feito de que figure a localidade solicitada non implica que sexa a localidade do exame. Esta determinarase na resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se fagan públicas as resolucións dos tribunais polas que se anuncian as datas, horas e lugares en que se fará o acto de presentación e se realizará a primeira proba prevista na base décimo terceira da convocatoria.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela
O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

Asinado dixitalmente

